

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2024.

ASUNTO:

APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2024. (EXPTES.- 2024008561 - 2024001893)

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2024, asinada con data 12 de febreiro de 2024 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado delegado da área de servizos de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2024. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/24), por importe de 381.000,05 euros, suplementos de créditos (SUP.01/24), por importe de 41.036,36 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- *Crédito extraordinario (EXT. 01/24), fináncianse na súa totalidade con “Baixas por anulación” por importe de 381.000,05 euros; respecto dos proxectos dos Concellos afectados con cargo ao programa REACPON, na aplicación orzamentaria 24/942-9420-762,75_2021.*
- *Os suplementos de créditos (SUP. 01/24), fináncianse na súa totalidade con “Baixas por anulación” por importe de 41.036,36 euros, do proxecto nominativo concedido ao Concello de Moaña RINF_22_00643, para unificar o crédito na aplicación orzamentaria 24/942-3420-762,95/23_2023, dentro do proxecto “PEID_24_00643 Moaña, “Novo proxecto de instalación deportiva pafa Skatepark”.*



Resultando que a Intervención emite informe de data 12 de febreiro de 2024, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2024.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 01/2024 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/24) por importe de 381.000,05 euros e suplementos de créditos (SUP.01/24) por importe de 41.036,36 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 01/24”:

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|-----------------|---|---------------------|
| 942-9420-762.27 | A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (RINCO_24-00795_MARÍN "Renovación de pavimento no entorno do CEIP do Carballal Marín") | 38.686,25 € |
| 942-9420-762.29 | A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (RINCO_24-00979_MEIS "Inwestimentos Concello de Meis: "Reforma e mellora de redes de servizos do lugar de O Noval") | 58.290,59 € |
| 942-9420-762.75 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00930_BUEU "Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu") | 54.440,77 € |
| 942-9420-762.75 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00896_CALDAS "Mellora da área do río Bermaña") | 29.144,05 € |
| 942-9420-762.75 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00978_MEAÑO "Mellora eficiencia enerxética acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño") | 21.767,21 € |
| 942-9420-762.75 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00983_NIGRÁN "Humanización da rúa Otero Pedraio") | 142.147,88 € |
| 942-9420-762.75 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00611_TOMIÑO "Proxecto Espazo Isaura Gómez") | 36.523,30 € |
| | Total créditos extraordinarios... | 381.000,05 € |

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 01/24:

O expediente de créditos extraordinarios, financíase na súa totalidade con “Baixas por anulacións” co seguinte detalle:



Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|--------------------|---|----------------------|
| 942-9420-762,75/21 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00795_MARÍN, "Reinvestimento menor achega do POS_22/23 ao proxecto: HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DO MERCADO MUNICIPAL DE SEIXO) | -38.686,25 € |
| 942-9420-762,75/21 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00979_MEIS, "Reinvestimento menor achega do POS_22/23 ao proxecto: REHAB. CENTRO DEPORTIVO, MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE, por subv. MITMA_PIREP: 388,603,93€, "76,54%") | -58.290,59 € |
| 942-9420-762.75/21 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00930 BUEU "Reforma e ampliación da biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu") | -54.440,77 € |
| 942-9420-762.75/21 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00896 CALDAS "Mellora da área do río Bermaña") | -29.144,05 € |
| 942-9420-762.75/21 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00978 MEAÑO "Mellora eficiencia enerxética acondicionamento de pavillón de deportes de Meaño") | -21.767,21 € |
| 942-9420-762.75/21 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00983 NIGRÁN "Humanización da rúa Otero Pedraio") | -142.147,88 € |
| 942-9420-762.75/21 | A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN (REACPON_00611 TOMIÑO "Proxecto Espazo Isaura Gómez") | -36.523,30 € |
| | TOTAL... | -381.000,05 € |

Os proxectos e reinvestimentos dos Concellos de Marín: RINCO_24-00795 e de Meis: RINCO_24-00795, finánciase con cargo baixas por anulación dos investimentos con cargo o programa REACPON na parte correspondentes aos sobrantes da financiación prevista con cargo ao POS_22/23. No caso de Marín por unha baixa na execución do proxecto "HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DO MERCADO MUNICIPAL DE SEIXO", e no caso de Meis como consecuencia de haber recibido para o investimento "REHABILITACIÓN CENTRO DEPORTIVO, MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE" unha achega non prevista inicialmente do MITMA_PIREP: 388,603,93€, (76,54%).

Respecto dos investimentos do programa REACPON dos Concellos de Bueu, Caldas de Reis, Meaño, Nigrán e Tomiño, por mor de diversas circunstancias imprevisibles, non imputables á debida dilixencia na execución do Programa e debido a imposibilidade de rematar as actuacións nos prazos previstos ata 31/12/2023, solicitaron a prórroga dos prazos de execución e xustificación. De acordo cos criterios especificados no informe da Intervención de 29/11/2023, financiándose con baixas dos créditos dotados no exercicio 2021 e incorporados a 2024 no programa REACPON, para cada un dos citados concellos.

2. Suplementos de Crédito "SUP. 01/24":

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|--------------------|---|--------------------|
| 942-3420-762,95/23 | A CONCELLOS PLAN E INFRAESTRUTURAS DEPORIVAS_COOPERACIÓN (PEID_24_00643 Moaña, "Novo proxecto de instalación deportiva para Skatepark") | 41.036,36 € |
| | Total suplementos de créditos... | 41.036,36 € |



Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 01/24:

Os importes correspondentes ao suplemento fináncianse na súa totalidade con “Baixas por anulacións” do proxecto nominativo concedido ao Concello de Moaña RINF_22_00643, “Prox. Básico de execución instalación deportiva pafa Skatepark”, debido a que no proceso de licitación unha vez finalizando o concurso este quedou deserto, véndose na obriga de redactar un novo proxecto coa mesma finalidade, solicitando á Deputación que lle permita sumar dita subvención co importe que lles corresponde por reparto dentro da convocatoria do plan extraordinario de infraestruturas deportivas.

Contabilizándose as seguintes operacións:

POR PARTE DAS BAIXAS POR ANULACIÓN:

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|--------------------|--|---------------------|
| 942-9420-762,30/22 | AO CONCELLO DE MOAÑA, EN CONVENIO_COOPERACIÓN (RINF_22_00643_Moaña, “Prox. Básico de execución instalación deportiva pafa Skatepark: 41,036,36€” | -41.036,36 € |
| | TOTAL... | -41.036,36 € |

Resumo do expediente:

| | |
|-------------------------------------|---------------|
| TOTAL SUPLEMENTOS..... | 41.036,36 € |
| TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS..... | 381.000,05 € |
| TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN..... | -422.036,41 € |

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

| | |
|--|---------------|
| Capítulo 1º Gastos de persoal..... | 0,00 € |
| Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos..... | 0,00 € |
| Capítulo 3º Gastos financeiros..... | 0,00 € |
| Capítulo 4º Transferencias correntes..... | 0,00 € |
| Capítulo 6º Invetimentos reais..... | 0,00 € |
| Capítulo 7º Transferencias de capital..... | 0,00 € |
| Capítulo 8º Activos financeiros..... | 0,00 € |
| Capítulo 9º Pasivos financeiros..... | 0,00 € |
| TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO... | 0,00 € |

Ao tratarse dunha modificación cualitativa entre aplicacións do capítulo VII, no supón ningunha variación entre os capítulos do orzamento.

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 01/2024 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/24), por importe de 381.000,05 euros e suplementos de créditos (SUP.01/24) por importe de 41.036,36 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días



hábles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 01/2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.”.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada con data 12 de febreiro de 2024 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado delegado da área de servizos de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, nove do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2024, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela.
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

